



DECRETO

Expediente 2019025171

Examinando o expediente de referencia relativo a concesión de subvencións a asociacións, comisións de festas e entidades sen fin de lucro que desenvolvan accións no eido cultural e festivo no Concello de Ourense no ano 2019,

Resultando que a Comisión de Avaliación reuniuse o día 26 de novembro de 2019 e tras o exame das solicitudes admitidas a trámite e logo das deliberacións oportuna, adoptou os acordos que constan na acta asinada

Resultando que a instructora do procedemento emitiu informes con proposta de resolución na data 28 de novembro de 2019 e 3 de decembro de 2019.

Resultando que a Intervención Municipal emitiu Dilixencia de Conformidade (1120D-19) o 29 de novembro de 2019

Tendo en conta os criterios establecidos na Base novena das reguladoras destas subvención e a proposta da Comisión de Avaliación e de conformidade coa base oitava das normas reguladoras desta convocatoria e a base 34 de execución do orzamento RESOLVO

1. Desestimar a excluír as solicitudes de subvención a asociacións, comisións de festas e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido cultural e festivo no Concello de Ourense, en virtude da convocatoria publicada no BOP núm. 239 do sábado 17 de outubro de 2019 , dos solicitantes que se indican a continuación e polos motivos que se expresan:

Nome entidade	NIF	Proxecto	Motivo de desestimación
AVV Palmés	G32110132	Festas Patronais	Presentación fóra de prazo (Base terceira)
Asociación de persoas con discapacidade de Ourense (ADO)	G32410797	Exprésate 2019	A actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención non axusta ao obxecto da convocatoria (Base primeira)
AVV Laxas	G32031544	Ciclo de actividades Festas San Brais 2019	A actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención non se axusta ao obxecto da convocatoria (Base primeira)
Asociación Capela Madrigalista de Ourense	G32102568	Difusión da música sinfónico-coral	A actividade para a que se solicita a subvención non se axusta ao obxecto da convocatoria (Base primeira)
Asociación Cultural Gaudeamus	G32444762	Música e canto coral	A actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención non se axusta ao obxecto da convocatoria (Base primeira)



Asociación cultural de Castro de Beiro	G32016198	Magosto	Non se trata dunha entidade beneficiaria para a concesión de subvencións recollidas na Liña II (Base terceira). O importe solicitado non se corresponde co indicado na Base sexta para a Liña II.
Agrupación Provincial de Libreiros de Ourense	G32123077	Día do libro infantil. Día do libro. Feira do Libro	Non presentar unha solicitude individualizada para cada actividade ou proxecto (art. 7.3 da ordenanza municipal de subvencións)
AVV Ribeira Miño Oira	G32275000	Festividade San Amaro	A actividade para a que se solicita a subvención ten un custo inferior a 1.000 € (Base primeira)
Asociación cultural O Regato	G32497521	Festa San Xosé	Non estar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes (Base terceira)
Asociación cultural Agromadas	G32117582	Proxecto Freire Carril 2019	Falta de definición do proxecto para o que solicita a subvención (Base 5)
Fundación Cum Laude	G32398687	Exposición “ En voz alta”	A actividade para a que se solicita a subvención non se axusta ao obxecto da convocatoria (Base primeira). A actividade a subvencionar foi realizada dentro do programa de exposicións da Concellaría de Cultura.
Sustinea	G32422834	Butaca Verde	Falta de definición do proxecto para o que solicita a subvención (Base 5)

2. Conceder con cargo á partida 200.3340.48902 do orzamento municipal vixente, as subvencións que a continuación se relacionan, por un valor total de 18.777€ (dezaioito mil setecentos setenta e sete euros), ás entidade e cos importes que se indican a continuación:

LIÑA 1. PROXECTOS E ACTIVIDADES CULTURAIIS

ASOCIACIÓNS CULTURAIIS	NIF	TOTAL	PROXECTO
1 Asociación Xuvenil Amencer “Samaín”	G32025405	1.229 €	Tempo de lecer en galego
2 Xuntanza de Micólogos Os Cogordos	G32123283	1.800 €	Formación micolóxica continua
3 Sociedade F.N.e V. Miño	G32032278	1.700 €	XXIX Exposición San Martiño
4 Asociación cultural Algaravía de Ourense	G32314825	1.820 €	XV Aniversario “ Venrespirar”





5 Coral Polifónica Auria Canta 2019	G32273252	1.100 €	Festival Internacional de Corais
6 Agrupación Provincial de Libreiros de Ourense	G32123077	3.028 €	XXXV Feira do Libro
	TOTAL	10.677 €	

LIÑA II : FESTAS PATRONAIS, ROMARÍAS E OUTRAS CELEBRACIÓNS DE CARÁCTER TRADICIONAL E SENLLEIRO

ASOCIACIÓNS, COMISIÓNS FESTAS	NIF	TOTAL	PROXECTO
1 AVV. Vilar de Astres	G31110959	700 €	Festas Patronais
2 AVV Peliquín-Catro Camiños	G32104572	700 €	Festa do San Lázaro 2019
3 Asociación Cultural Festas O Couto	G32488330	6000 €	Festas O Couto 2019
4 AVV Santa Marta de Velle	G32033748	700 €	Festas Santa Marta de Velle
		TOTAL 8.100 €	

3. Notificarlles aos interesados a presente resolución.

Mándao e asíno o Concelleiro de Cultura na data da sinatura electrónica

